

PROGRAMAS DE SUBVENCIONS E AXUDAS DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA

PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO

Obxecto do programa: subvencións ás persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia que creen o seu propio posto de traballo mediante a súa constitución en persoas traballadoras autónomas ou por conta propia.

Normativa: Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 28 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 (DOG nº 247 de 29 de decembro de 2015).

Prazo: Ata o **29/02/2016**

Máis información:

<https://sede.xunta.es/detalle-procedemento?codCons=TR&codProc=341D&procedemento=TR341D>

<http://www.igape.es/es/base-xeral-de-axudas/ficha/TRAB016>

PROGRAMA DE SUBVENCIONS POLA CONTRATACIÓN DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE NA EMPRESA ORDINARIA

Obxecto do programa: Incentivar a contratación de traballadores e traballadoras con discapacidade coa finalidade de fomentar e favorecer a súa integración laboral no sistema ordinario de traballo.

As contratacións deberán formalizarse por escrito, comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida, e ter data de inicio comprendida entre o **1 outubro de 2015** e o **30 de setembro de 2016**

Normativa: Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de promoción da integración laboral das persoas con discapacidade na empresa ordinaria, e do Programa de emprego con apoio, como medida de fomento do emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo, e se procede a súa convocatoria para o ano 2016 (DOG nº 248 do 30 de decembro de 2015).

Prazo: O prazo xeral finalizará o **30/09/2016**

No caso do programa de emprego con apoio como medida de fomento do emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo o prazo de solicitudes remata o día 30/01/2016

Máis información:

<https://sede.xunta.es/detalle-procedemento?codCons=TR&codProc=343A&procedemento=TR343A>

<https://sede.xunta.es/detalle-procedemento?codCons=TR&codProc=341L&procedemento=TR341L>

PROGRAMA DE AXUDAS A PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS POLA CONTRATACIÓN INDEFINIDA DE PERSOAS ASALARIADAS

Obxecto do programa: Incentivos á contratación indefinida inicial de persoas desempregadas realizada polas persoas traballadoras autónomas ou persoas profesionais con domicilio social e fiscal en Galicia.

Normativa: ORDE do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida de persoas asalariadas e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 para o ano 2016 (DOG nº 248 do 30 de decembro de 2015).

Prazo: O prazo de solicitudes finalizará o **30/09/2015**

*(2 meses no caso de contratacións formalizadas entre o 31/10/2015 e o 30/12/2015)

Máis información:

<http://traballo.xunta.es>

<https://sede.xunta.es> (sede electrónica da Xunta de Galicia)